



Resolución do 1 de setembro de 2015 pola que se aproba e se fai pública a listaxe provisional de admitidos e excluídos ao proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo (director/a de Profesionalización)

En virtude do Decreto 196/2012 do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e de acordo co establecido no punto 6 das bases da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado pola Resolución do 6 de agosto de 2015 (Diario Oficial de Galicia número 150, do 10 de agosto), esta dirección

RESOLVE

Aprobar a relación provisional de admitidos e excluídos para a cobertura do posto de persoal Directivo (director/a de Profesionalización) da Axencia turismo de Galicia.

Contra esta resolución, as persoas interesadas disporán de prazo ata o día 4 de setembro de 2015 (inclusive) para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As reclamacións presentaranse no Rexistro da Axencia Turismo de Galicia no Rexistro da Axencia Turismo de Galicia (Praza de Mazarelos, nº 15, Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso deberá remitirse por fax ao seguinte número: 981-54 63 56, e antes da finalización do prazo de presentación de reclamacións, copia da reclamación rexistrada.

De acordo co punto 6 parágrafo 2º das bases da convocatoria, a relación de aspirantes excluídos e admitidos pode consultarse na páxina web da Axencia Turismo de Galicia (<http://www.turgalicia.es/canle-institucional>) no epígrafe normativa/resolucións .

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa non admisión serán definitivamente excluídos.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2015.

A Directora de Turismo de Galicia

María Nava-Castro Domínguez.





ANEXO

Nome da convocatoria: Director/a de Profesionalización da Axencia Turismo de Galicia

Código posto: PX.A20.00.005.15770.001

Publicación da Convocatoria: Diario Oficial de Galicia do 10 de agosto de 2015 (núm. 150)

Relación alfabética de participantes admitidos

Nº	APELIDOS E NOME	NIF
1	Fernández Vázquez Marta	46906841C

Relación alfabética de participantes excluidos

Nº	APELIDOS E NOME	NIF	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	Aguión Costoya, Fátima	32795593P	Non acredita estar en posesión dunha titulación superior universitaria de : licenciado/a ou graduado/a en titulacións vinculadas ao sector turístico ou agroalimentario. Non aporta DNI Non aporta a documentación xustificativa, orixinal ou copia compulsada, dos méritos e experiencia que alega. Non aporta plan de actuacións en soporte papel e en formato electrónico.
2	Estévez Fontela, Beatriz Cristina	36068617-V	Non acredita estar en posesión dunha titulación superior universitaria de : licenciado/a ou graduado/a en titulacións vinculadas ao sector turístico ou agroalimentario. Non aporta DNI Non aporta a documentación xustificativa, orixinal ou copia compulsada, dos méritos e experiencia que alega. Non aporta plan de actuacións en soporte papel e en formato electrónico.

